

CONVOCATORIA DE BOLSAS DE TÉCNICO MEDIO E TÉCNICO SUPERIOR DE FORMACIÓN PROFESIONAL DECEMBRO 2019/20

1. OBXECTIVO

As bolsas de técnico superior, están dirixidas a mozos/as que finalicen o módulo de formación profesional de ciclo formativo de grao superior e grao medio das familias sanitaria e agropecuaria, co obxectivo de adquirir unha base sólida de coñecementos teóricos e prácticos da actividade dun hospital veterinario universitario.

Este programa está deseñado para preparar aos candidatos e a súa posterior inserción laboral en centros veterinarios o do ámbito sanitario en xeral.

2. NÚMERO DE PRAZAS

O número de prazas é de tres (3):

- Unha no **Servizo de Farmacia Hospitalaria.**
- Unha nos servizos de **Laboratorio de Análises Clínicos e a Esterilización Cirúrxica.**
- Unha no **Servizo de Hospitalización.**

3. PRAZO DE SOLICITUDE

O estipulado no calendario do proceso de selección descrito nesta convocatoria.

4. DURACIÓN

A duración do programa será de 10 meses:

- Del 1 de decembro de 2019 ao 30 de setembro de 2020.

5. REQUISITOS

Para solicitar estas praza será preciso acreditar:

- Estar en posesión dalgún dos títulos oficiais de Formación Profesional de ciclo formativo de grao superior e medio, segundo a praza á que se opte, que se citan a



continuación:

1. Servizo de Farmacia Hospitalaria:

- Farmacia e Parafarmacia.
- Laboratorio clínico e biomédico.
- Anatomía patolóxica e citodiagnóstico.
- Asistencia á atención clínica en centros veterinarios.

2. Laboratorio de Análises Clínicos e Esterilización Cirúrxica:

- Laboratorio clínico e biomédico.
- Anatomía patolóxica e citodiagnóstico.
- Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear.
- Radioterapia e dosimetría.

3. Servizo de Hospitalización:

- Asistencia á atención clínica en centros veterinarios.
 - Xestión e organización de empresas agropecuarias.
 - Gandería e asistencia en sanidade animal.
 - Laboratorio clínico e biomédico.
 - Anatomía patolóxica e citodiagnóstico.
 - Imaxe para o diagnóstico e medicina nuclear.
 - Radioterapia e dosimetría.
-
- Non ter acadado o título nun tempo superior a dous anos.
 - Ter a nacionalidade española, ou dalgún dos estados membros da Unión Europea ou dalgún estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificado por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
 - Posuír a capacidade funcional física e psíquica para o desempeño das tarefas e funcións correspondentes á praza á que se opta.
 - No poderán solicitar esta bolsa aqueles candidatos que fosen adxudicatarios en anteriores convocatorias, en calquera hospital universitario que teña recoñecida esta actividade formativa.

Todos os requisitos deben posuírse o día de finalización do prazo de solicitude da praza. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, terá que estar en posesión de documentos que acrediten a súa homologación.

6. DOCUMENTACIÓN

A documentación será enviada en formato dixital como arquivos de tipo JPG, GIF, PNG ou PDF.

- Fotocopia do DNI ou pasaporte.
- Expediente académico.
- Fotocopia do resgardo da titulación académica requirida.
- Curriculum Vitae profesional, cos documentos acreditativos numerados.
- Fotografía recente.

7. LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

A presentación de solicitudes farase de modo on-line, a través da ligazón publicada na páxina web da Fundación Rof Codina www.rofcodina.org.

A recepción da documentación solicitada deberá estar rexistrada antes de finalizar o prazo de recepción de solicitudes descrito nesta convocatoria. A documentación recibida despois de finalizar dito prazo non será admitida. En ningún caso serán admitidas aquelas solicitudes presentadas por algún medio distinto ao indicado neste apartado ou fora de prazo de presentación.

8. CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS SOLICITUDES

A selección será realizada por un Tribunal presidido polo director xerente da Fundación Rof Codina e formado polo director veterinario e os/as xefes/as de servizo do hospital e un/ha representante das institucións públicas e/ou privadas que soportan o programa formativo.

O tribunal poderá declarar desertas as prazas que considere cando non haxa aspirantes que reúnan os méritos suficientes.

Na valoración dos méritos presentados polos aspirantes terase en conta o seguinte:

- Puntuación do expediente académico.
- Curriculum Vitae de prácticas ou profesional.
- Outros méritos documentados

9. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DAS SOLICITUDES

Primeira Fase

Selección de candidatos/as segundo os criterios establecidos:

- Expediente académico: 60% da nota global.
- Curriculum Vitae: 35% da nota global.
- Outros méritos: 5% da nota global.

Segunda Fase

Os/as candidatos/as seleccionados/as polo Tribunal na Primeira Fase terán que superar unha proba realizada polo persoal do hospital que consistirá nun exame e unha entrevista persoal.

10. ADMISIÓN DE CANDIDATOS/AS

A relación de aspirantes admitidos/as e excluídos/as publicarase segundo o estipulado no calendario do proceso de selección na páxina web www.rofcodina.org.

Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de 48 horas para emendar as deficiencias atopadas na súa documentación. Finalizado este prazo o tribunal será convocado e publicará os resultados da primeira fase e a convocatoria da segunda fase. Finalmente o tribunal publicará a proposta de resolución da cobertura das prazas e convocará aos/ás aspirantes seleccionados/as a unha reunión preparatoria previa ao inicio do período de formación.

11. LISTA DE ESPERA

O Tribunal poderá establecer unha lista de suplentes ordenados/as pola súa puntuación de méritos, que se fará pública coa proposta de resolución. Poderán ser chamados os/as candidatos/as que formen parte da dita lista en caso de ser necesario cubrir algunha renuncia, ou ben por autorización da Xerencia ante calquera eventualidade e/ou necesidade de servizo. A lista de suplentes perderá a súa vixencia coa resolución dunha nova convocatoria de bolsas de técnico de Formación Profesional.

12. BOLSAS

A Fundación Rof Codina, concederá bolsas a todos/as os/as adxudicatarios/as das prazas.

- A contía da bolsa será de 425,00 € brutos mensuais.
- Os/as beneficiarios/as das bolsas non poderán recibir durante o período da bolsa outras axudas, nin realizar calquera outro tipo de actividade remunerada.
- A concesión destas bolsas non implica ningunha vinculación laboral ou doutra clase entre as persoas seleccionadas e a Fundación Rof Codina, aínda que darán lugar á súa inclusión no Convenio Especial da Seguridade Social establecido no Real Decreto

1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

13. FORMALIZACIÓN

Estenderase credencial de bolseiro a favor dos/as candidatos/as seleccionados/as, quen asinarán o compromiso de aceptar e cumprir as actividades formativas e o horario que se estableza. A non formalización da bolsa por parte do interesado no prazo que se estipule ao efecto, entenderase como renuncia á mesma.

14. RENUNCIAS

As renuncias faranse por escrito alegando os motivos da mesma e dirixidas á Dirección Xerencia da Fundación Rof Codina.

15. DEVOLUCIÓN DA BOLSA

A Fundación Rof Codina poderá solicitar a devolución de la bolsa, previo estudo e aprobación da Dirección Xerencia, cando os/as candidatos seleccionados incorran nalgún dos seguintes supostos:

- Renuncia ou abandono durante o programa.
- Ocultación ou falseamento de datos na solicitude.
- Incompatibilidade con outras axudas.
- Incumprimento dalgún dos requisitos esixidos.
- Incumprimento da normativa do HVU-RC.

16. AVALIACIÓN DO CURSO

Os/as candidatos/as seleccionados/as serán avaliados/as durante a realización do curso polos/sa responsables dos diferentes servizos.

O Hospital Veterinario Universitario establecerá un control de asistencia diario.

Será motivo de suspensión da presente bolsa o non cumprimento, de forma reiterada, das normas de cada Servizo Hospitalario, máis de 3 faltas inxustificadas ou outras causas graves que afecten á asistencia, docencia ou actividade formativa do grupo.

17. FUNCIÓNS DO BOLSEIRO/A

- Servizo de Farmacia Hospitalaria:
 - Tarefas propias dun Técnico Medio no Servizo de Farmacia Hospitalaria baixo a supervisión da facultativa farmacéutica, prestando apoio ao persoal facultativo do hospital e atendendo as instrucións e funcións que a Dirección do Hospital lle asigne.
 - Preparación de monodoses para pacientes hospitalizados.
 - Xestión do stock de medicamentos e produtos sanitarios.
 - Participación na posta en funcionamento do Sistema de verificación de medicamentos e produtos sanitarios (SEVEM).
 - Colaboración cos demais servizos hospitalarios segundo as directrices da Dirección Veterinaria e/o da Dirección Xerencia do HVU-RC.
- Laboratorio de Análises Clínicas e Esterilización:
 - Tarefas propias de técnico superior en laboratorio de análises clínicas, bloque cirúrxico, sala de necropsias e radiodiagnóstico no ámbito do hospital, prestando apoio ao persoal facultativo do hospital e atendendo as instrucións e funcións que a Dirección do Hospital lle asigne.
 - Xestión de stock de material descartable e reutilizable do Hospital.
 - Participación na informatización dos procesos de control de existencias, inventario e reposición de materiais.
 - Colaboración cos demais servizos hospitalarios segundo as directrices da Dirección Veterinaria e/o da Dirección Xerencia do HVU-RC.
- Servizo de Hospitalización:
 - Tarefas propias de Auxiliar Técnico Veterinario nas áreas de hospitalización do HVU-RC
 - Xestión de stock de material descartable e reutilizable das hospitalizacións e consultas.
 - Participación na informatización dos procesos de control de existencias, inventario e reposición de materiais.
 - Colaboración cos demais servizos hospitalarios segundo as directrices da Dirección Veterinaria e/o da Dirección Xerencia do HVU-RC.

1.

18. HORARIOS

O horario será de luns a venres de 9:00 a 15:00 e de 16:00 a 18:00 h. Este horario pode ser adaptado segundo as necesidades do servizo.

19. VACACIÓNS

Os/as bolseiros/as dispoñen de dúas semanas de vacacións que se repartirán da seguinte forma:

- Unha semana no período do Nadal.
- Unha semana en período estival.

20. LICENZAS

Os/as bolseiros/as terán dereito, previa solicitude á Dirección Xerencia, co visto e prace do Xefe de Servizo no que se atope rotando e da Dirección Veterinaria e posterior xustificación, ao goce dos permisos que a continuación se indican:

- Para a realización dun exame por parte daqueles que realicen estudos para a obtención dun título oficial: o tempo indispensable, debendo xustificarse cun certificado oficial.
- O tempo indispensable para a asistencia ao médico, presentando e xustificando cita e asistencia.
- O tempo imprescindible para a solución de asuntos ou tramitacións que teñan relación directa co desenvolvemento habitual da súa actividade formativa.
- Por matrimonio de pais ou irmáns: un día natural que coincidirá co do evento e outros dous por cuestións de desprazamento.
- Por morte ou enfermidade grave dun familiar dentro do primeiro grao por consanguinidade ou afinidade: 3 días hábiles.

Asdo.: Luis Felipe de la Cruz Palomino
Director xerente da Fundación Rof Codina



Calendario do proceso de selección

- **05/11/2019** 17:00 h. Apertura do período de admisión de solicitudes.
- **16/11/2019** 14:00 h. Fin do período de admisión de solicitudes.
Publicación provisional de admitidos/as e excluídos/as.
- **19/11/2019** 14:00 h. Publicación definitiva de admitidos/as e excluídos/as.
- **19/11/2019** 14:00 h. Publicación de resultados da primeira fase de selección.
- **22/11/2019** Segunda fase de selección (exame e entrevista persoal).
- **25/11/2019** 14:00 h. Publicación provisional de seleccionados/as.
- **28/11/2019** 14:00 h. Publicación definitiva de seleccionados/as.
- **29/11/2019** Reunión preparatoria do programa.
- **02/12/2019** Inicio do programa.



CONVOCATORIA DE BOLSAS DE TÉCNICO MEDIO E TÉCNICO SUPERIOR DE FORMACIÓN PROFESIONAL DECEMBRO 2019/20

ANEXO I – TEMARIOS EXAME

1.- TÉCNICO SERVIZO DE FARMACIA HOSPITALARIA

1. Patoloxía básicas
2. Dispensación de produtos farmacéuticos
3. Disposición e venda de produtos
4. Formulación maxistral
5. Formas Farmacéuticas (FF)
6. Dispensación de produtos parafarmacéuticos
7. Oficina de farmacia
8. Botiquín de Urgencia
9. Promoción da saúde
10. Prevención de riscos laborais



2.- TÉCNICO LABORATORIO ANÁLISES CLÍNICOS E ESTERILIZACIÓN CIRÚRXICA

1. Bioquímica general

- Proteínas
- Lípidos
- Ácidos nucleicos y vitaminas

2. Cultivos bacterianos

- Clasificación y características de los medios de cultivo
- Recuentos celulares bacterianos

3. Micología

- Clasificación de los hongos
- Principales hongos causantes de enfermedades
- Procedimientos para el estudio de los hongos

4. Parasitología

- Clasificación de los parásitos
- Principales parásitos causantes de enfermedades
- Procedimientos para el estudio de los parásitos

5. Análisis de productos corporales

- Estudio del sedimento urinario
- Examen físico de las heces
- Examen químico de las heces: determinación del pH, detección de sangre en heces, determinación de bilirrubina en heces

6. Material utilizado en el laboratorio

- Microscopio



- Centrífuga
- Cámara de flujo laminar

7. Eliminación de residuos biológicos

- Tipos de muestras biológicas
- Eliminación de residuos en los distintos contenedores
- Clasificación de muestras biológicas peligrosas

8. Componentes del sistema endocrino

- Las distintas glándulas con sus hormonas respectivas
- Patologías más importantes del sistema endocrino

9. Prevención de riesgos laborales

- Ley 31/1995, de 8 de noviembre, de Prevención de Riesgos Laborales

10. Manejo y control de los animales de compañía.

- Inmovilización
- Modos de transportar y coger animales

11. Enfermería médico-quirúrgica.

- Observación
- Cuidado general del paciente
- Vendajes
- Primeros auxilios

12. La Consulta

- Descripción
- Características generales
- Mantenimiento: limpieza y esterilización



13. Instrumental quirúrgico

- Descripción
- Características generales
- Mantenimiento: limpieza y esterilización

14. Almacén

- Productos sanitarios. Recepción e colocación

15. Botiquín de Urgencia

- Organización
- Funciones que cumple

16. Formas Farmacéuticas (FF)

- FF para la administración vía oral, rectal, tópica y parenteral

17. Cadena de frío

- Aplicación en el Servicio de Farmacia

18. Radioprotección

- Normas generales

19. Preparación de muestras

- Histología

20. Técnicas de radiodiagnóstico

- Principios básicos



3.- TÉCNICO SERVIZO DE HOSPITALIZACIÓN

1. Asistencia á atención veterinaria

- Preparación da zona de traballo, do instrumental, dos equipamentos e doutros medios
- Realización de tarefas auxiliares en probas diagnósticas e aplicación de tratamentos
- Realización de tarefas auxiliares en curas e intervencións cirúrxicas
- Formalización de documentos de procedementos diagnósticos ou terapéuticos
- Supervisión dos equipamentos e dos materiais dos vehículos de traballo dos ser-vizos veterinarios

2. Manexo e control dos animais de compañía.

- Inmobilización
- Modos de transportar e coller animais

3. Enfermería médico-cirúrxica.

- Observación
- Cuidado xeral do paciente
- Vendaxes
- Primeiros auxilios

4. A Consulta

- Descrición
- Características xerais
- Mantemento: limpeza e esterilización



5. Instrumental Cirúrxico

- Descrición
- Características xerais
- Mantemento: limpeza e esterilización

6. Almacén

- Produtos sanitarios. Recepción e colocación

7. Bioseguridade

- Medidas de Bioseguridade
- Desenvolvemento de Programas de bioseguridade
- Supervisión de eliminación de cadáveres e restos animais

8. Xestión de centros veterinarios

- Control e organización da almacenaxe e da conservación de existencias
- Organización das actividades de limpeza e mantemento das instalacións e dos equipamentos do centro veterinario
- Atención á clientela, facturación e cobro.

9. Prevención de riscos laborais

- Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais